

Código do documento	Código do expediente
USG13I003X	USG/2019/8
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1008 1X2T 3014 3Z0U 027R	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 28 DE XANEIRO DE 2019.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D. Diego Antonio Taibo Monelos
D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril
D.ª Mª del Carmen Varela Corbelle
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta Mª Iglesias Becerra
D. Miguel Suárez García
D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.ª Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.ª Pilar Mª Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e doce minutos do día vinte e oito de xaneiro do ano dous mil dezanove, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril, D.ª Mª del Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta Mª Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes.

Asiste á sesión a Sra. Interventora municipal, D.ª Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.ª Pilar Mª Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 21 DE XANEIRO DE 2019.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e un de xaneiro de dous mil dezanove, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 21 de xaneiro de 2019.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Orde do 21 de decembro de 2018, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á creación ou mellora de infraestruturas nos concellos de Galicia con poboación inferior á 50.000 habitantes, para o ano 2019 (código de procedemento MT300A). DOG núm. 16 do 23-01-2019.
- Resolución do 14 de xaneiro de 2019, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, pola que se dá publicidade á subvención concedida ao abeiro da Resolución do 11 de xaneiro de 2018 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a extensión de redes de banda larga ultrarrápida en entidades singulares de poboación, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de

Código do documento	Código do expediente
USG13I003X	USG/2019/8
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1008 1X2T 3014 3Z0U 027R	

desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o período 2018-2020 (procedemento administrativo PR605A), DOG núm. 16 do 23 de xaneiro de 2019.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Taibo Monelos dá lectura ao escrito do Sr. alcalde en funcións, do 24 de xaneiro de 2019, que transcrito literalmente di:

“A **Alcaldía** dá conta á Xunta de Goberno Local de data do 28/01/2019, das seguintes resolucións ditadas polo servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras:

- Resolución núm. 57 de data do 16/01/2019 pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento á SIEM CONSULT, SL para a actividade de “*outras actividades de construción especializada n.c.o.p.*”, na nave industrial situada na R/. G, nave G-3 do polígono industrial de Alvedro.
- Resolución núm. 58 de data do 16/01/2019 pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento á D. R. C. P. para a actividade de café-bar, na R/. Roi Xordo, núm. 1 – baixo.
- Resolución núm. 59 de data do 16/01/2019 pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento á D. O. R. A. en representación de JARDINERÍA ARCE, SL para a actividade de depósito e almacenamento na nave situada na R/. H, nave H-38 do polígono industrial de Alvedro.
- Resolución núm. 60 de data do 16/01/2019 pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento á D.ª M. P. C. C. en representación de ANHIDACORUÑA para a actividade de oficina de información situada na R/. Alcalde Electo Carballo, núm. 13 A.
- Resolución núm. 72 de data do 18/01/2019 pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento á D.ª S. M. B. B. para a actividade de *comercio polo miúdo de produtos de pastelería, bolería e confitería*, no local situado na R/. Amparo López Jean, núm. 3 – baixo.
- Resolución núm. 73 de data do 18/01/2019 pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento á D.ª M. Y. L. T. para a actividade de *establecemento de bebidas*, no local situado na Avda. da Coruña, núm. 8 – baixo.
- Resolución núm. 74 de data do 18/01/2019 pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento á D. M. S. I. para a actividade de *establecemento de bebidas*, no local situado na R/. E. Tierno Galván, núm. 20 - baixo.
- Resolución núm. 75 de data do 18/01/2019 pola que se outorga a licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos núm. 133 á D. D. De S. G.
- Resolución núm. 76 de data do 18/01/2019 pola que se outorga a licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos núm. 134 á D. J. De S. G.
- Resolución núm. 77 de data do 18/01/2019 pola que se procede á devolución da parte proporcional da garantía depositada pola ocupación de vía pública con mesas e cadeiras para a terraza do café – cantante situado na Avda. Xoán Carlos I, núm. 14 – 16, local 2, do Burgo, á HERMANOS PECHE, SL, pola modificación da licenza.
- Resolución núm. 81 de data do 21/01/2019 pola que se require a D. J. J. f. G. e a D.ª E. de A. E a D. J. J. F. B. para que no prazo dun mes retiren o vehículo abandonado na vía pública de forma indefinida, matrícula 0456BXP, situado na R/. Andrés Pan Vieiro, núm. 18.
- Resolución núm. 82 de data do 21/01/2019 pola que se aproba o proxecto técnico para a obra de “Renovación de camiños e viais municipais” que ten un presuposto de 344.973,15 €.”

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG13I003X	USG/2019/8
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1008 1X2T 3014 3Z0U 027R	

2.2.2.- O Sr. Taibo Monelos dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellaría delegada de Urbanismo:

“RESOLUCIÓN DO 17.01.2019

Resolución núm. 61.- Concedendo a Fergo Galicia Renta, S.L., a licenza de primeira ocupación para unha nave situada no quintero 7, rúas H e F, do Parque Empresarial de Alvedro da parroquia de Almeiras (exp. UAU/2018/526).

Resolución núm. 62.- Concedendo a COMUNIDADE DE PROPIETARIOS da Avda. de Vilaboa 31., a licenza municipal de obras para instalación dun ascensor, no edificio situado na Avda. de Vilaboa, núm. 31, parroquia de Rutis, (exp. UAU/2018/792).

Resolución núm. 63.- Concedendo a D. J.F.M.L. e DNA. M.T.C.D. a licenza municipal para a construción dunha vivenda unifamiliar, situada na Rúa Anllóns, parroquia de Rutis (exp. UAU/2018/668)”

2.2.3.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da Concellaría delegada de Desenvolvemento Socioeconómico, Turismo e Festas:

“Dentro do programa de biodiversidade, estase a desenvolver un curso de poda, durante o mes de xaneiro, que se celebra os sábados en horario de 10.00 a 14.00 h. no Xardín Botánico coa finalidade de formar vinte alumnos/as nas técnicas básicas de poda, cunha formación teórico-práctica.

C.I.F. P-1503100-H

Dentro do programa de emprego, organizaranse varias sesións grupais, impartidas polo técnico de orientación laboral, sobre busca de emprego para a mocidade co obxectivo de dar a coñecer aos xóvenes que se van a incorporar en breve ao mercado laboral os recursos dos que dispoñen para axudarlles na dita busca. As sesións terán lugar na semana do 3 ao 14 de febreiro 2019, e están dirixidas a alumnos do 2º curso de ciclos superiores, ciclos medios e PCPI.”

2.2.4.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da Concellaría delegada de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

“ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN

EDUCACULLEREDO 2018/19

A) ACTIVIDADE: Obradoiro de video-poesía: versos en pegatina.

Programa: Educación musical e artística.
Datas: 29 de xaneiro.
Horario: de 12:30 a 14:10 h.
Centros participantes: IES Rego de Trabe.
Curso: 1º de ESO.
Nº participantes: 30.
Lugar: Aula.

B) ACTIVIDADE: Radio interxeracional

Programa: Educación para os medios.
Datas: 31 de xaneiro.
Horario: de 9:50 a 11:30 h.
Centros participantes: CEIP novo.
Curso: 3º- 4º EP.
Nº participantes: 10 + persoas maiores colaboradoras.

Código do documento	Código do expediente
USG13I003X	USG/2019/8
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 1008 1X2T 3014 3Z0U 027R	

Lugar: Aula.

ACTIVIDADES CULTURAIS

MARTES 29 DE XANEIRO

Conservatorio de Música de Culleredo. 18.30 h:
Concerto de piano, con alumnos/as do profesor Vicente Castro. Entrada libre.

XOVES 31 DE XANEIRO

Conservatorio de Música de Culleredo. 19.30 h:
Cullercontro en 44:05. Con César Wonemburger, director artístico de Amigos da Ópera da Coruña. Entrada libre.

XOVES 31 DE XANEIRO

Sala de vídeo do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 a 21.00 h.
Tertulia de Arte: *Estratexias da visibilidade na arte*, coa artista Luisa Valdés.
Entrada libre.

VENRES 1 DE FEBREIRO

Hall da Aula de Natureza "Juan Lembeye" do Xardín Botánico do Burgo. 20.00 h:
Apertura da exposición fotográfica *No son juguetes*, de Foto Acción Coruña.
Ata o 28 de febreiro."

C.I.F. P-1503100-H

2.2.5.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e actividades da Concellaría delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

"RESOLUCIÓN emitidas dende esta concellaría :

**PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013					
Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
05/11/18	1708	Conceder unha axuda económica.	T.S.	Pago de aluguer correspondente a unha fianza(600€), e o mes de xullo por un importe de 300€.	900,00 €
28/11/18	1854	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	S.G.F.	Pago do recibo de auga, correspondente ao 4º trimestre de 2017. Pago do recibo de luz, correspondente ao período de 04 de decembro de 2017 a 05 de setembro de 2018. Pago de recibo de gas, correspondente ao período de 08 de febreiro	226,59 € 149,79 € 56,24 €

Código do documento	Código do expediente
USG13I003X	USG/2019/8
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 1008 1X2T 3014 3Z0U 027R	

C.I.F. P-1503100-H

				de 2018 a 13 de agosto de 2018.	
12/12/18	1897	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	A.G.B.	<p>Pago do recibo de auga, correspondente ao 2º e 3º trimestre de 2018.</p> <p>Pago do recibo de luz, correspondente ao período de 05 de maio de 2018 a 09 de outubro de 2018.</p> <p>Recibo de gas, correspondente os meses de 10 de abril de 2018 a 11 de outubro de 2018.</p> <p>Pago do recibo de comunidade, correspondente aos meses de marzo de 2018 a outubro de 2018.</p>	<p>163,30 €</p> <p>100 €</p> <p>84 €</p> <p>200€</p>
14/12/18	1915	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	M.U.L.G.	<p>Pago do recibo de auga, correspondente ao 4º trimestre de 2017, 1º 2º e 3º trimestre de 2018.</p> <p>Pago do recibo de luz, correspondente ao período de 03 de xaneiro de 2018 a 02 de outubro de 2018.</p> <p>Pago do recibo de comunidade de veciños, correspondente aos meses de xaneiro de 2018 a xuño de 2018.</p>	<p>299,63 €</p> <p>404,47 €</p> <p>353,18 €</p>
14/12/18	1916	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	D.D.F.T.	Pago do recibo de bono de transporte, correspondente ao mes de outubro de 2018.	64,48 €
14/12/18	1920	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	M.V.A.C.	<p>Pago do recibo de auga, corresponde ao 3º trimestre de 2018.</p> <p>Pago do recibo de luz, correspondente ao período de 13 de agosto de 2018 a 08 de outubro</p>	<p>85,19 €</p> <p>73,11 €</p>

Código do documento	Código do expediente
USG13I003X	USG/2019/8
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 1008 1X2T 3014 3Z0U 027R	

C.I.F. P-1503100-H

				de 2018. Pago do recibo de gas, correspondente ao período de 08 de agosto de 2018 a 09 de outubro de 2018.	39,58€
17/12/18	1938	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación de pago.	D.D.F.T.	Pago do recibo de bono bus, correspondente ao mes de novembro de 2018.	54,18 €
17/12/18	1944	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación de pago.	T.L.F.S.	Pago do recibo de auga correspondente ao 3º trimestre de 2018. Pago do recibo de luz correspondente ao período de 14 de xullo de 2018 a 13 de setembro de 2018. Pago do recibo de gas correspondente ao período de 02 de agosto de 2018 ao 02 de outubro de 2018.	54,50 € 58,77€ 13,69€
17/12/18	1947	Conceder unha axuda económica.	J.P.M.G.	Pago de aluguer correspondente aos meses de agosto a outubro de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 350 €.	1.050,00 €
17/12/18	1948	Conceder unha axuda económica.	C.A.H.	Pago de aluguer, por un importe de 1000 €, correspondente aos meses de abril a xuño de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 400 € agás o mes de xuño cun importe de 200 €. Pago de recibo de auga, por un importe de 63,28 €, correspondente ao terceiro trimestre de 2018.	1.063,28 €
18/12/18	1956	Conceder unha axuda económica.	I.L.P.F.	Pago de aluguer, por un importe de 900 €, correspondente aos	1035,34 €

Código do documento	Código do expediente
USG13I003X	USG/2019/8
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 1008 1X2T 3014 3Z0U 027R	

C.I.F. P-1503100-H

				<p>meses de setembro, outubro e novembro de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 300 €.</p> <p>Pago do recibo de auga, por un importe de 135,35 €, correspondente ao 3º trimestre de 2018.</p>	
18/12/18	1957	Conceder unha axuda económica.	M.A.A.A.	Pago de aluguer correspondente aos meses de setembro a novembro de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 350 €.	1.050,00 €
18/12/18	1958	Conceder unha axuda económica.	A.C.P.S.	Pago de aluguer correspondente aos meses de agosto, setembro, outubro e parte de novembro de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 300€, agás o mes de novembro cun importe de 175 €.	1.075,00 €
18/12/2018	1962	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación de pago.	A.G.R.	Pago do electricidade correspondente ao período que vai do 3 de decembro de 2017 ao 4 de xaneiro de 2018 (103,20 €), do 4 de xaneiro ao 4 de febreiro de 2018 (159,51 €), do 1 de marzo ao 4 de abril (81,19 €), do 4 de abril ao 3 de maio (52,88 €), 3 de maio ao 4 de xuño (43,02 €), do 4 de xuño ao 3 de xullo (60,89 €), do 3 de xullo ao 2 de agosto (66,56 €), do 2 de agosto ao 4 de setembro (78,09 €), 4 de setembro ao 1 de outubro (49,67 €), 1 de outubro ao 6 de novembro (111,84 €).	
18/12/2018	1965	Conceder unha axuda	S.G.M.	Pago de aluguer	1075€

Código do documento	Código do expediente
USG13I003X	USG/2019/8
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 1008 1X2T 3014 3Z0U 027R	

C.I.F. P-1503100-H

		económica.		correspondente aos meses de abril (280 €), maio (280 €), xuño (280 €) e parte de xullo (235 €) de 2018.	
19/12/18	1974	Conceder unha axuda económica.	J.D.O.C.	Pago de hipoteca correspondente aos meses de abril a novembro de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 124 €.	992,00 €
19/12/18	1976	Conceder unha axuda económica.	V.M.R.	Pago de aluguer correspondente aos meses de maio a agosto de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 300 € agás o mes de agosto cun importe de 175 €.	1.075,00 €
21/12/18	1997	Conceder unha axuda económica.	J.J.V.M.	Pago de aluguer correspondente aos meses de xuño a novembro de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 185, agás o mes de novembro cun importe de 150 €.	1.075,00 €
21/12/18	1999	Conceder unha axuda económica.	O.V.R.G.	Pago de aluguer correspondente aos meses de setembro a novembro de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 350 €.	1.050,00 €
21/12/18	2000	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación de pago.	M.A.P.	Pago do recibo de luz, correspondente ao período de xaneiro de 2018 a 12 de setembro de 2018. Recibo de gas correspondente ao período de 01 de xaneiro de 2018 a 11 de outubro de 2018.	521,20 € 149 €

Código do documento	Código do expediente
USG13I003X	USG/2019/8
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 1008 1X2T 3014 3Z0U 027R	

C.I.F. P-1503100-H

21/12/2018	2001	Conceder unha axuda económica.	L.M.L.D. L.S.	Aluguer correspondente aos meses de setembro (340 €), outubro (340 €), novembro (340 €) e parte de decembro (55 €) de 2018.	1075€
26/12/2018	2004	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación de pago.	M.A.R.M.	Pago do recibo de electricidade correspondente ao período que vai do 29/08/2018 ao 26/09/2018 (56,23€) e parte do recibo correspondente ao período que vai do 21/10/2018 ao 27/11/2018 (35,42€).	
26/12/18	2005	Conceder unha axuda económica.	M.M. C.	Pago de aluguer correspondente aos meses de setembro a novembro de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 333,33 €.	999,99 €
				Pago do recibo de auga, correspondente ao 3º trimestre de 2018.	71,62 €
27/12/2018	2012	Conceder unha axuda económica.	L.M.R.	Pago de aluguer e fianza, correspondente a un mes de fianza (400 €), un mes de aluguer (400 €) e parte de outro mes (275 €) de 2018.	1075€
27/12/2018	2013	Conceder unha axuda económica.	C.P.D.	Pago de hipoteca, correspondente a xaneiro (400 €) febreiro (400 €) e parte de marzo (275 €) de 2018.	1075€

***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de dicembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
16/01/19	50	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	C. M. G. P.	10 anos.
16/01/19	51	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de	E. I. P.	10 anos.

Código do documento	Código do expediente
USG13I003X	USG/2019/8
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1008 1X2T 3014 3Z0U 027R	

		discapacidade.		
--	--	----------------	--	--

ACTIVIDADE SOCIO-EDUCATIVA DA AREA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE:

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS:

PROGRAMA II DE EDUCACIÓN E APOIO FAMILIAR:

Liña de convivencia e Apoio á Infancia

Durante todo o mes de **febreiro** desenvolveranse no IES Blanco Amor e no IES Rego de Trabe, os Obradoiros “Convivamos. Usemos dereitos e cumpramos obrigas” xunto co de “Eu non son cómplice” dirixidos ao alumnado de 1º da ESO.

Ambas as dúas actividades forman parte do Plan Municipal contra o absentismo escolar, que se leva a cabo dende as Concellarías de Benestar Social e Igualdade, Educación, e Seguridade Cidadá .

As sesións son impartidas por persoal técnico municipal das tres áreas tendo como obxectivo último a prevención do abandono escolar e a erradicación do acoso entre pares, así como a mellora xeral da convivencia e das relacións interpersoais na comunidade educativa cullerdense, .

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS ESPECIFICOS:

1.PROGRAMA DE FOMENTO DA COOPERACIÓN SOLIDARIEDADE E DINAMIZACIÓN SOCIAL

PROXECTO de COOPERACIÓN SOCIAL

***Participación de Culleredo no Fondo Galego de Cooperación:**

XUNTANZA DA REDE MUNICIPALISTA SOLIDARIA

O concello de Culleredo pertence, fai 20 anos á rede municipalista solidaria do Fondo Galego de Cooperación Social , da que foi socio fundador , xunto con outros 99 concellos de toda Galicia (sobre todo da Coruña e Pontevedra) e as Deputacións da Coruña, Lugo e Pontevedra.

A través das cotas que cada ano aportan os concellos en función ,como mínimo, da súa poboación fináncianse proxectos de mellora e ofrécese apoio técnico no terreo en países de África e Latinoamérica principalmente .Ademais se levan a cabo accións de sensibilización en Galicia sobre cooperación para o desenvolvemento e faise intercambio de técnicos municipais entre Galicia e países do sur.

Anualmente faise unha xuntanza entre concellos por comarcas para expoñer a memoria das actividades desenvoltas no ano anterior e as propostas de cara ao ano entrante. O pasado luns 21 de xaneiro de 2019, de 10:30h a 13:30h tivo lugar esta reunión na Casa da Cultura “Vila Concepción” do Concello de Cambre coa seguinte orde do día:

- Balance do Plan de Actividades 2018
- Presentación do proxecto sobre educación sexual igualitaria en Guatemala polo técnico da Fundación Pedro Poveda de Chinautla
- Definición do Plan de Actividades a ofertar aos concellos en 2019

O ano pasado, no marco da celebración do “Día da Muller Rural”o Concello de Culleredo recibiu a exposición “Galicia-Cabo Verde: Unha irmandade” acompañada da actuación de mulleres caboverdianas afincadas en Burela “Batuko Tabanka” .

Código do documento	Código do expediente
USG13I003X	USG/2019/8
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1008 1X2T 3014 3Z0U 027R	

Asemade, no IES Rego de Trabe estivo exposta durante todos o mes de abril a exposición “Nicaragua: unha realidade viva”, co obxecto de sensibilizar ao alumnado do mencionado IES, coa realidade que están a vivir os nenos e nenas nicaraguenses.

Este ano, trala reunión mantida o luns 21 de xaneiro e tras recibir a información documental sobre as numerosas propostas de actividades de cara ao ano 2019, desde o Proxecto de Cooperación estanse a seleccionar as novas actividades, todas elas gratuítas. Máis adiante informarase das actividades que se van levar a cabo no noso concello.

PLAN COORDINADOR DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONSORCIO “AS MARIÑAS”:

Gabinete de inserción socio-laboral consorciado en coordinación coas Educadoras sociais das 3 UTES (Unidades de traballo e educación social) de Culleredo.

O vindeiro 25 de febreiro e durante catro venres seguidos a técnica de inserción socio laboral do Consorcio impartirá un taller de mellora da empregabilidade a traves de internet dirixido a persoas en situación de vulnerabilidade social do concello de Culleredo .

Eminente mente práctico, desenvolveráse na Aula de informatica do centro social Pintora Maria Cagiao Diaz co fin de que exploren as posibilidades de internet para a mellora da súa vida laboral e se leven ferramentas para seguir a utilizalo pola súa conta desde o ordenador e desde o mobil.

Participarán 11 persoas en risco de exclusión de diferentes parroquias . Algunhas delas perceptoras da renda de integración social .Todas elas insertas en proxectos de traballo e educación social persoalizados do propio concello .

2.AREA DE SANIDADE:

PROMOCIÓN DA VIDA SAUDABLE: “Culleredo saudable”

Campaña de doazón de sangue

O Concello de Culleredo colaborou coa Fundación ADOS na Campaña de doazón de sangue que tivo lugar o día 28 de xaneiro en Vilaboa, en horario de 16:00 a 21:00 h “

2.3.- SENTENZA 158/2018 DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 4 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ORDINARIO 53/2017.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 158/2018, do 28 de novembro de 2018, do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 4 da Coruña, na que o fallo desestima o recurso contencioso-administrativo interposto por J.A.V.L. contra a resolución ditada polo Sr. alcalde do Concello de Culleredo o 11 de xaneiro de 2017, expediente UAU/2015/603, que resolve desestimar o recurso de reposición presentado contra a resolución ditada polo Sr. concelleiro delegado de Urbanismo do Concello de Culleredo o 11 de outubro de 2016 que, entre outras cuestións, ordena a demolición parcial dun galpón situado na rúa San Xiao, núm. 23, parroquia de Almeiras. A sentenza non é firme, cabe a interposición do recurso de apelación. Impóñense as custas xudiciais á parte actora.

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG13I003X	USG/2019/8
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1008 1X2T 3014 3Z0U 027R	

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e trinta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H